



XOVES

I+D+i

programa **INDUSTRIAS**
do **FUTURO 4.0**

Estimados/as amigos/as:

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá a primeira convocatoria do programa **INDUSTRIAS DO FUTURO 4.0**, orientada a financiar proxectos de I+D estratéxicos en liña coas tendencias internacionais da Fábrica do Futuro e da Industria 4.0. O obxectivo desta iniciativa é **fomentar o investimento privado para acadar un novo modelo industrial en Galicia** sustentado na competitividade e o coñecemento, en liña co reto 2 da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) e no marco do Programa Innova en Galicia.

O deseño desta convocatoria fíxose tendo en conta as manifestacións de interese expresadas a raíz do **proceso de consultas aberto no pasado mes de marzo**, co obxectivo de identificar a potencial demanda. Froito deste diálogo, definíronse as características desta primeira convocatoria ao abeiro da Iniciativa Industria 4.0-captación de investimentos.

Este novo programa contará cunha dotación orzamentaria para o periodo 2016-2020 de **60 millóns de euros**, cos que se pretende mobilizar máis de 150 millóns. Con este orzamento financiaranse, en concorrencia competitiva, **proxectos cun orzamento superior aos 20 millóns de euros**. Estes proxectos deberán ser **tractores dentro dos sectores máis destacados da economía galega**, co obxectivo de producir un efecto arrastre sobre o resto do tecido industrial galego e incoar un proceso de transformación deste cara un novo modelo innovador.

Os proxectos poderán ser **individuais ou en cooperación** entre empresas, que teñan capacidade para liderar estes proxectos, e organismos de investigación. De feito, potenciaranse aqueles **proxectos excelentes, estratéxicos a nivel europeo e de amplo alcance**, nos que exista unha colaboración efectiva entre empresa e organismo de investigación. A intensidade da axuda variará entre o 25% e o 75% do orzamento financiable do proxecto, en función das características do proxecto e do beneficiario, en aplicación do marco normativo europeo.

En vindeiros días publicarase esta convocatoria no Diario Oficial de Galicia e abrirase o prazo de presentación de solicitudes. Terás máis información dispoñible na [web de GAIN](#) nos próximos días.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.